

GUITIRIZ TERMAL VIRTUAL SOLIDARIA

- 12 DE ABRIL DE 2021 -

REGULAMENTO

Art. 1.- O Concello de Guitiriz organiza unha nova edición de Guitiriz Termal. Nesta edición, adaptámonos a situación actual de pandemia e propoñemos unha proba virtual. A recaudación será doada a “Somos unidos por el Cáncer”. A carreira celebrárase entre o 12 de abril ata o 18 de abril de 2021 ambos inclusive.

Art. 2.- A distancia a percorrer será unha carreira de 5K ou unha andaina de 7K.

Co fin de facilitar a realización da carreira, e dadas as restricións de mobilidade ocasionadas pola pandemia do Covid xa existentes en determinadas áreas, e aquelas que poidan xurdir, desde a organización propoñen unhas recorridos pero pódese facer dónde cada un queira, debendo ser o participante o que elixa o percorrido ou percorridos sobre os que participar, e sendo o único responsable de cumprir coa normativa e protocolos Covid no lugar de realización do percorrido. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria.

Art. 3.- A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina.

Art. 4.- Está prohibido o uso de vehículos de axuda.

Art. 5.- As inscricións para todas as competicións serán ata o 18 de abril na páxina web oficial do evento. Poderá participar calquera persoa que estea correctamente rexistrada, sen límite de idade. O prezo da inscrición é de 2€. A inscrición é dende o mércores 30 de Marzo ata o 18 de Abril ambos inclusive. Haberá unha opción no proceso de inscrición por si alguén quere facer algún donativo a maiores.

Art. 6.- SORTEOS.

Por definir

Art. 7.- REXISTRO DE ACTIVIDADE

Para realizar e medir a túa actividade podes usar calquera dispositivo que uses normalmente nos teus adestramentos (GPS, calqueira aplicación móbil de running, cronómetro ou facelo nunha cinta de correr). So tes que estar pendente de controlar a distancia e parar o tempo para posteriormente proceder ao rexistro.

- **Manual:** Los datos se introducen manualmente.
- **Strava:** conectando tu cuenta de forma automática.
- **Fichero GPX, TCX:** Descarga el fichero de tu actividad y procésalo.

Art.8.- Non se admite cambios de titularidade na inscrición.

Art.9.- A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes. O participante elixirá libremente e baixo a súa responsabilidade o percorrido e no momento da inscrición, manifesta atoparse fisicamente apto para percorrer a súa distancia. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar deles a terceiros.